

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ecos do Sur para financiar a Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social e do correspondente convenio de colaboración.

1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 13 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, á Asociación Ecos do Sur para financiar a Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social, cun orzamento subvencionado de 220.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente orzamento xeral.

5.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ecos do Sur polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social

Na Coruña, a ____ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dña _____ o/a Presidente/a da Asociación Ecos do Sur

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- A Asociación Ecos do Sur é unha entidade sen ánimo de lucro e, segundo se indica no artigo 4 dos seus estatutos, e establece como fines da entidade, entre outros:

- Contribución ao desenvolvemento, a xustiza e a equidade globais, apoiando a implantación da axenda 2030 tanto nas sociedades de emisión como de tránsito e acollida de persoas migrantes, desde unha perspectiva de cooperación, interdependencia e corresponsabilidade, nun marco de respecto ao Dereitos Humanos.
- Protección e apoio ás familias e a infancia, en todas as súas vertentes e especialmente ás familias de especial consideración, como as monoparentais, e familias en situación de especial vulnerabilidade económica.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ecos do Sur, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ecos do Sur, NIF G15354483, para o cofinanciamento da Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social, cuxo ben inmovible se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DA FINCA: R/ Luis López Casanegra 7 Es 1 PI 02 Pt C 15006 A Coruña
REFERENCIA CATASTRAL: 9677301NH4997N0011PJ
INSCRICIÓN REXISTRAL:15019000254988

II.- Orzamento para a adquisición.

Segundo o informe de valoración que se achegou pola Asociación Ecos do Sur o importe de taxación ascende 229.950,55 € e o orzamento máximo para a adquisición ascende a 220.000,00 €.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **27,27273 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 27,27273 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ecos do Sur obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na súa condición de adquiriente, corresponderalle á Asociación Ecos do Sur o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Ecos do Sur, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe da adquisición supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Ecos do Sur deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a Asociación Ecos do Sur deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1. A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Ecos do Sur unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación Ecos do Sur e acreditación da inscrición rexistral a prol de dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- A Asociación Ecos do Sur deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta punto 1 antes do 31 de outubro de 2026.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorridos estes derradeiros prazos sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Ecos do Sur para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Ecos do Sur da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

3.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ecos do Sur na documentación achegada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Ecos do Sur deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Ecos do Sur destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ecos do Sur poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ecos do Sur queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na adquisición do inmovible ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ecos do Sur serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Ecos do Sur será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o 1 de novembro de 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 decembro de 2026**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Ecos do Sur, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

O secretario xeral: Miguel Iglesias Martínez (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)